

LINGUA GALEGA

6.º de Primaria

1.- Transforma estas oracións poñendo todo en singular. Sigue o modelo resolto e coida a acentuación diacrítica.

Eses rapaces tamén van ás festas.

Ese rapaz tamén vai á festa.

Os meus sobriños veñen visitarme cada semana.

Por que non vides nunca a Vigo en tren?

Eses amigos meus son avogados.

Eles dan diñeiro para calquera acto benéfico.

2.- Completa cada oración poñendo o acento ás palabras que o precisen.

- _____ correndo! Tes que ver o que está pasando. (ven/vén)
- Teño que _____ os libros nas caixas, _____ se veñen os da mudanza. (por/pór)
- Vin unha gaivota que estendía _____ súas _____ e botou a voar. (as/ás)
- Se ti me _____ unha _____ túas, eu douche unha _____ miñas. (dás/das)
- Tedes que _____ portar mellor, senón falareille ao mestre de _____. (vos/vós)
- Agarda _____ da clínica por se _____ necesario que entraras. (fora/fóra)
- _____ que vaiades cedo, antes de que _____ a cea. (cómpre/compre)
- A tenda pechou _____ tarde, porque apareceron _____ clientes dos que pensaban. (máis/mais)

3.- Completa as oracións coas palabras adecuadas de cada par. Repara no uso do acento diacrítico.

mais - máis

- Necesito fariña. Con esa non chega para facer a empanada.
- Eu cheguei á cita puntual, Antón atrasouse media hora.

cha - chá

- Manuel María é, se cadra, o poeta máis recoñecido da Terra
- Déixame a túa bicicleta, que xa devolvo pola tarde.

presa - présa

- A proxectada construción dunha neste río pon en perigo a flora e a fauna da zona.
- Síntoo, teño moita e, por iso, non podo seguir de parola contigo.

vos - vós

- fostes os responsables do que ocorreu, así que debedes desculparvos.
- Eu xa dixera que esa alfombra era pequena: agora hai que ir devolvela.

se - sé

- volves cedo, aínda poderemos ir ao cine ás oito e media.
- bo e vai axudar a teu pai a limpar os baños.

nos - nós

- Eles xa dixeran que podía chover. Non sei por que non trouxemos os paraugas.
- Creo que esas flores son para , polo noso aniversario de voda.